

GUÍA PARA A SOLICITUDE DE APOIO PÚBLICO TEMPORAL CON CARGO AO FONDO DE APOIO Á SOLVENCIA DE EMPRESAS ESTRATÉXICAS

CONTIDO DA SOLICITUDE DE APOIO PÚBLICO TEMPORAL CON CARGO AO FONDO DE APOIO Á SOLVENCIA DE EMPRESAS ESTRATÉXICAS

As solicitudes de apoio público temporal deberán cumprir os requisitos e condicións que se detallan na normativa de aplicación e, especificamente, deberán conter a documentación que se detalla a continuación:

1. Formulario de solicitude de apoio público temporal de conformidade co modelo do **Anexo I**.
2. Declaración responsable de non estar sometido o solicitante a ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, previstas no apartado 2 do Anexo II do Acordo do Consello de Ministros de 21 de xullo de 2020.

A declaración responsable deberá seguir o modelo que se achega como **Anexo II**.

3. Plan de Viabilidade que recolla as previsións de negocio e situación patrimonial e financeira da empresa, cuantificando as axudas de carácter temporal que permitirían garantir a súa viabilidade no medio e longo prazo, especificando os instrumentos de capital, instrumentos híbridos de capital ou instrumentos financeiros que solicita para tal fin.

O Plan de Viabilidade debe incluír obxectivos medibles que permitan a súa avaliación intermedia e final, así como unha estratexia de saída das axudas recibidas. A estratexia de saída debe incluír un programa de reembolsos ao Fondo en concepto de remuneracións e amortizacións ou recompras de participacións, e das medidas que se adoptarán para cumprir con estes obxectivos.

O Plan de Viabilidade deberá incluír o contido mínimo que se detalla no **Anexo III**.

4. Declaración responsable do solicitante relativa á concorrencia de determinadas condicións de elixibilidade para ser empresa beneficiaria do Fondo, facendo constar que:
 - a. Existe unha clara perspectiva de deterioro patrimonial da empresa solicitante, debido ás perdas acumuladas actuais ou previstas, que fará necesario reforzar a solvencia da compañía, de forma que, en ausencia do apoio financeiro público temporal recibido con cargo ao Fondo, a empresa podería chegar a estar en situación de cesamento de actividade ou de graves dificultades para manterse en

funcionamento, o que podería chegar a ter un elevado impacto negativo sobre a actividade económica ou o emprego, a nivel nacional ou rexional.

- b. As vías de reforzo da solvencia da empresa solicitante por medios privados deben complementarse con apoio financeiro público temporal.
- c. O Plan de Viabilidade elaborado pola empresa fundaméntase en criterios obxectivos ao avaliar a viabilidade da empresa no medio e longo prazo, describe a utilización proxectada do apoio financeiro público temporal solicitado con cargo ao Fondo, os riscos medioambientais, as previsións para afrontalos e a súa estratexia enerxética, así como a recuperación das axudas por parte do Fondo nun prazo previo á extinción do mesmo.
- d. A empresa solicitante ou o sector de actividade da empresa solicitante ten unha importancia sistémica ou estratéxica para o tecido produtivo nacional ou rexional, entre outros motivos, polo seu sensible impacto social e económico, ou pola súa relevancia para a saúde, a seguridade pública, as infraestruturas ou as comunicacións; ou pola súa contribución ao bo funcionamento dos mercados; ou polo seu carácter tractor sobre o conxunto da economía; ou pola súa natureza innovadora; ou polo carácter esencial dos servizos que presta; ou polo seu papel na consecución dos obxectivos de medio prazo no ámbito da transición ecolóxica ou a dixitalización, ou polo aumento da produtividade ou o capital humano.

A declaración responsable deberá seguir o modelo que se achega como **Anexo IV**.

5. Certificados de estar ao corrente a 31 de decembro de 2019 no cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

6. Declaración responsable do conxunto de medidas de apoio público das que se beneficiase nos últimos dez anos, con indicación da contía, concepto e órgano outorgante da subvención pública ou axuda baixo calquera modalidade.

7. N.I.F., copia da escritura de constitución da solicitante e das escrituras na que figure a composición societaria actual e dos demais órganos sociais. No caso de sociedades cotizadas ou admitidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores, detalle de participacións significativas e copia das escrituras nas que figure a composición actual dos órganos sociais.

8. Certificación dos acordos do órgano de administración da empresa solicitante acordando a solicitude de apoio público temporal con cargo ao Fondo e documentación que acredite a representación dos asinantes da solicitude.

9. Estatutos sociais vixentes. Regulamento do consello e, no seu caso, pactos ou acordos de socios/accionistas ou parasociais.

10. Contas anuais, informe de xestión e, no seu caso, estado de información non financeira (no caso de grupos de sociedades, consolidadas do grupo e individuais da

solicitante) formuladas e auditadas, incluíndo os informes de auditoría e verificación respectivamente.

As «Solicitudes de Apertura de Período de Información Previa» e as «Solicitudes de Apoio Público Temporal con cargo ao Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas» deberán presentarse na sede electrónica de SEPI de conformidade cos modelos de formulario anexos.

Cando os documentos a enviar sexan moi numerosos, non sexan independentes ou os arquivos teñan un tamaño superior aos 10 MB, as empresas poderán presentar tales solicitudes a través do «Almacén de Archivos» (sistema de almacenamento de arquivos na nube).

Nestes casos, con carácter previo, as empresas interesadas deberán solicitar a SEPI, a través do enderezo electrónico registro@sepi.es, unha invitación para enviar os arquivos a través deste sistema. A invitación que se conceda, no seu caso, terá unha validez de sete días naturais.

De forma simultánea ao envío da documentación a través do Almacén de Archivos, deberá presentarse ante SEPI, a través da súa sede electrónica, unha listaxe co detalle dos arquivos incluídos no envío.

Madrid, 7 de agosto de 2020

ANEXO 0
**MODELO DE FORMULARIO DE SOLICITUDE A SEPI DE APERTURA DE PERÍODO
DE INFORMACIÓN PREVIA**



D/D.^a _____, maior de idade, con DNI núm. _____, que
intervén en nome e representación da entidade
(en adiante, a «Solicitante»), con domicilio social en _____,
teléfono de contacto _____, correo electrónico de contacto _____, con
NIF n.º _____, en calidade de _____, en virtude de
[1].

[1] Precisar instrumento legal de outorgamento de poder, xa sexa ante notario ou en virtude de representación estatutaria, debendo anexar á solicitude copia do documento correspondente.

POLA PRESENTE SOLICITA A SEPI a apertura dun período de información previa [2] co fin de resolver as seguintes dúbidas sobre as condicións aplicables ás operacións de apoio público temporal con cargo ao Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas ou sobre os requisitos que deben cumprir os beneficiarios:

[2] Toda esta información terá o carácter reservado previsto no artigo 2.17 do Real Decreto-lei 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, non xerará dereito algún a favor do solicitante e non vinculará, en modo algún, ao Consello Xestor na terminación do procedemento correspondente se este se iniciara concluído o período previo.

En _____ a _____ de _____ de 2021

Sinatura

ANEXO I
MODELO DE FORMULARIO DE SOLICITUDE DE APOIO PÚBLICO TEMPORAL CON CARGO AO FONDO DE APOIO Á SOLVENCIA DE EMPRESAS ESTRATÉXICAS



D /D.ª _____, maior de idade, con DNI núm. _____
, que intervén en nome e representación da entidade
(en adiante, a «Solicitante»), con domicilio social en _____,
teléfono de contacto _____, correo electrónico de contacto _____,
con NIF n.º _____, en calidade de _____, en virtude de
[1].

[1] Precisar instrumento legal de outorgamento de poder, xa sexa ante notario ou en virtude de representación estatutaria, debendo anexar á solicitude copia do documento correspondente.

POLA PRESENTE DECLARA:

1. Que coñece a normativa de aplicación do **Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, F.C.P.J. (en adiante, o «Fondo»)**, aceptando expresamente coa presente solicitude as condicións, requisitos e funcionamento do mesmo.
2. Que a solicitante presenta a seguinte documentación anexa de conformidade co modelo proposto polo Fondo:
 - Declaración responsable de non estar sometido o solicitante a ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, previstas no apartado 2 do Anexo II do Acordo do Consello de Ministros de 21 de xullo de 2020.
 - Plan de Viabilidade.
 - Declaración responsable da solicitante relativa á concorrencia de determinadas condicións de elixibilidade para ser empresa beneficiaria do Fondo.
 - Certificados de estar ao corrente a 31 de decembro de 2019 no cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes.
 - Declaración responsable do conxunto de medidas de apoio público das que se beneficiase nos últimos dez anos, con indicación da contía, concepto e órgano outorgante da subvención pública ou axuda baixo calquera modalidade.
 - N.I.F., copia da escritura de constitución da solicitante e das escrituras na que figure a composición societaria actual e dos demais órganos sociais. No caso de sociedades cotizadas ou admitidas a negociación nun mercado secundario oficial

ANEXO II
**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DENON ESTAR SOMETIDA A
NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO,
PREVISTAS NO APARTADO 2 DO ANEXO II DO ACORDO DO CONSELLO DE
MINISTROS DE 21 DE XULLO DE 2020**

D /D.^a _____, maior de idade, con DNI núm. _____,
que intervén en nome e representación da entidade _____ (en
adiante, a «Solicitante»), con domicilio social en _____,
teléfono de contacto _____, correo electrónico de contacto _____,
con NIF n.º _____, en calidade de _____,

Pola presente e a todos os efectos legais oportunos, DECLARA que, reunindo os requisitos para ostentar as condicións de elixibilidade como beneficiario do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas,

- i) Constitúe unha empresa non financeira con domicilio social e principais centros de traballo situados en España.
- ii) Non constituía unha empresa en crise a 31 de decembro de 2019, nos termos establecidos polo artigo 2 (18) do Regulamento da Comisión (UE) n.º 651/2014, de 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior por aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.
- iii) Cumpre co disposto no apartado 2.c) do Anexo II do Acordo do Consello de Ministros de 21 de xullo de 2020
- iv) Non foi condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- v) No deu lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- vi) Está ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións ou axudas públicas.

En _____ a _____ de _____ de 2021

Signatura

ANEXO III

MODELO DE CONTIDO MÍNIMO DO PLAN DE VIABILIDADE

- 1. Resumo executivo.**
- 2. Breve referencia á historia da empresa, estrutura societaria, accionistas, órganos de xestión, organigrama da empresa, etc.**
- 3. Introducción: valoración do impacto da COVID-19.**
 - a) Impacto no mercado e no negocio.
 - b) Impacto na estratexia.
 - c) Impacto na Empresa: situación pre-COVID-19, situación actual e proxeccións de negocio e económico-financeiras que visualicen a situación e a necesidade de apoio financeiro externo.
 - d) Perspectivas de recuperación.
- 4. Identificación da proposta que se realiza ao Fondo.**
- 5. Análise externa:**
 - a) Do mercado:
 - i) Evolución recente e situación actual.
 - ii) Ameazas/oportunidades.
 - iii) Tendencias e evolución previsible.
 - b) Do sector/clientes e competencia:
 - i) Evolución recente e situación actual.
 - ii) Ameazas/oportunidades.
 - iii) Tendencias – evolución previsible.
 - c) Análise comparativa (benchmark).
- 6. Análise interna:**
 - a) Estrutura organizativa, operativa e produtiva. Recursos dispoñibles.
 - b) Impacto social e económico da Empresa.
 - c) Diagnóstico da Empresa e das súas unidades de negocio. Fortalezas/debilidades.
 - d) Principais actuacións e datos da Compañía nos últimos anos, incluíndo históricos de actividade e de estados financeiros, detallados por áreas/divisións/unidades de negocio.
 - e) Posicionamento competitivo.
- 7. Definición da estratexia de viabilidade para superar a situación de crise.**
 - a) Posicionamento e estratexia pre-COVID-19.
 - b) Posicionamento e estratexia post-COVID-19. Dentro dos posibles escenarios estratéxicos, formulación dun modelo de desenvolvemento sostible no marco actual e no previsible. Identificación da estratexia para cada unidade de negocio (situación actual fronte a situación obxectivo):
 - i) Definición da estratexia para a viabilidade, incluíndo a estratexia de transición ecolóxica (especialmente medioambiental e enerxética), de innovación e desenvolvemento, de capital humano e relacións laborais (incluíndo a igualdade de xénero).
 - ii) Liñas e eixes estratéxicos para a súa execución.

ANEXO IV
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á
CONCORRENCIA DE DETERMINADAS CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE
DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS

D/D.^a _____, maior de idade, con DNI núm. _____,
que intervén en nome e representación da entidade _____,
(en diante, a «Solicitante»), con domicilio social en _____,
teléfono de contacto _____, correo electrónico de contacto _____,
con NIF n.º _____, en calidade de _____,

Pola presente e a todos os efectos legais oportunos, DECLARA que:

- i) Existe unha clara perspectiva de deterioro patrimonial da empresa solicitante, debido ás perdas acumuladas actuais ou previstas, que fará necesario reforzar a solvencia da compañía, de forma que, en ausencia do apoio público temporal recibido con cargo ao Fondo, a empresa podería chegar a estar en situación de cesamento de actividade ou de graves dificultades para manterse en funcionamento, o que podería chegar a ter un elevado impacto negativo sobre a actividade económica ou o emprego, a nivel nacional ou rexional.
- ii) As vías de reforzo da solvencia da empresa solicitante por medios privados deben complementarse con apoio público temporal.
- iii) O Plan de Viabilidade elaborado pola empresa fundaméntase en criterios obxectivos ao
- iv) avaliar a viabilidade da empresa no medio e longo prazo, describe a utilización proxectada do apoio público temporal solicitado con cargo ao Fondo, os riscos medioambientais, as previsións para afrontalos e a súa estratexia enerxética, así como a recuperación das axudas por parte do Fondo nun prazo previo á extinción do mesmo.
- v) A empresa solicitante ou o sector de actividade da empresa solicitante ten unha importancia sistémica o estratéxica para o tecido produtivo nacional ou rexional, entre outros motivos, polo seu sensible impacto social e económico, ou pola súa relevancia para a saúde, a seguridade pública, as infraestruturas ou as comunicacións; ou pola súa contribución ao bo funcionamento dos mercados; ou polo seu carácter tractor sobre o conxunto da economía; ou pola súa natureza innovadora; ou polo carácter esencial dos servizos que presta; ou polo seu papel na consecución dos obxectivos de medio prazo no ámbito da transición ecolóxica ou a dixitalización, ou polo aumento da produtividade ou o capital humano.

En _____ a _____ de _____ de 2021

Signatura

iii) Factores críticos/claves de éxito.

iv) Indicadores relevantes.

8. Plan de acción/folla de ruta.

- a) Definición dos proxectos estratégicos a levar a cabo para lograr a viabilidade.
- b) Accións a realizar e actuacións clave.
- c) Obxectivos a curto e medio prazo.
- d) Cronograma de actuacións.

9. Plans específicos para lograr a viabilidade.

- a) Plan de transición ecolóxica.
- b) Plan tecnolóxico e de sistemas.
- c) Plan de inversións.
- d) Plan comercial e de marketing.
- e) Presentación en materia de RR. HH.

10. Proxeccións de negocio e económico-financeiras do Plan.

- a) Hipóteses consideradas.
- b) Contratación, carteira, marxes, co maior nivel de detalle posible.
- c) Estados financeiros completos detallados para un período o suficientemente amplo que visualice a viabilidade da Compañía.
- d) Ratios operativas e financeiras, e comparación co mercado.
- e) Especial relevancia aos estados de fluxos e proxeccións de tesouraría, estas últimas mensualizadas para polo menos 2 anos.
- f) Indicadores clave e riscos asociados.

11. Plan Financeiro

- a) Situación e estrutura actual do Patrimonio e da débeda. Avals e garantías, contragarantías, seguros de caución.
- b) Proposta de Plan Financeiro, con identificación específica da necesidade de apoio do Fondo como último recurso, así como a súa aplicación concreta.
- c) Proposta de reembolso do apoio estatal, cun calendario de amortización da inversión do Estado e de abono das remuneracións, e as medidas que se adoptarían para garantir o cumprimento do plan de reembolso do apoio estatal.

12. Plan de continxencia (alternativas no seu caso ao Plan de Viabilidade).

Nota: as proxeccións de negocio e económico-financeiras, así como o plan financeiro, deberán incluír os exercicios 2018 e 2019, o exercicio 2020 e período subseguinte que sexa necesario para alcanzar a viabilidade da empresa e o reembolso do apoio financeiro público temporal, así como un exercicio adicional.

Nota: no seu caso, identificar os asesores externos cos que contou a empresa solicitante para elaborar o Plan de Viabilidade.

En _____ a _____ de _____ de 2021

Sinatura

